

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 31/01/2020 12:48:07
SAIDA 1433/20

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 164/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 15 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, sobre o mecanismo de provisión dos postos de traballo creados polo Consorcio Galego de Benestar para desenvolver o programa [REDACTED] na prisión de A Lama, así como a súa temporalización (data aproximada de convocatoria, duración, procedemento de selección), modalidade, a retribución, os requisitos e a duración da relación contractual.

O reclamante indicaba que solicitou coñecer o mecanismo de provisión de tres postos de traballo de nova creación no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dous postos de técnicos medios de inclusión laboral e outro de técnico superior, grupos II e I

respectivamente, con destino no programa "[REDACTED]", a desenvolver na prisión da Lama, sen que obtivera resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu do seu DNI.

Segundo. Con data do 19 de novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 22 de novembro de 2019.

Terceiro. Con data do 5 de decembro de 2019, o interesado remite correo electrónico no que comunica que por parte do consorcio xa se lle deu resposta, polo que da por satisfeita a reclamación.

Cuarto.- Con data 10 de decembro de 2019 Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar deu resposta á solicitude de información con data do 5 de decembro de 2019, que lle foi notificado nesa mesma data.

Desde o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar non foi posible atender á solicitude referida nos prazos previstos na Lei 19/2013, ao estar pendente de aprobación o expediente para a realización das contratacións obxecto da consulta formulada, e por estar o consorcio inmerso en procesos encamiñados á regularización da situación do seu persoal, atopándose en fase de negociación a relación de postos de traballo e pendente o proceso de integración nas listaxes de contratación de persoal da Xunta de Galicia, segundo o previsto no acordo asinado entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar non notificou a resolución de acceso á información dentro do prazo previsto no artigo 27 da Lei 1/2016, polo que debe, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado fixo unha solicitude de información ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, sobre o mecanismo de provisión dos postos de traballo do Consorcio para desenvolver un programa.

De conformidade co disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016, o consorcio debería terlle dado acceso ao solicitante no prazo dun mes.

Desde o Consorcio Galego informan que non foi posible atender á solicitude en prazo por estar pendente de aprobación o expediente para a realización das contratacións obxecto da consulta formulada. Nestes supostos, o correcto houbera sido comunicar ao interesado esta

circunstancia e o prazo no que estivera previsto que o expediente estivera finalizado, comunicándolle nese momento a información.

Dado que ao interesado, aínda que fóra do prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, se lle remitiu a información solicitada, procede a estimación por motivos formais, da reclamación interposta.

Lémbrese ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único : Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] con data 15 de novembro de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, sobre o mecanismo de provisión dos postos de traballo creados polo Consorcio Galego de Benestar para desenvolver o programa [REDACTED] na prisión de A Lama, así como a súa temporalización (data aproximada de convocatoria, duración, procedemento de selección), modalidade, a retribución, os requisitos e a duración da relación contractual.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ
(R: S6500009C)

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.01.30 17:18:20 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.